

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de decembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. Antonio Coello Bufill
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día un de decembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1632).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1633).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN DO BUQUE BERNARDO ALFAGEME. EXPTE. 2892/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación por concurso dos servizos de reparación do buque Bernardo Alfageme, asinado polo enxeñeiro municipal, Sr. Crespo Casal, do 19.10.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, o 07.11.05; visto o informe xurídico de 24.11.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 07.11.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, polo concelleiro-delegado do Servizo de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 274.000 euros/ano para a reparación do buque Bernardo Alfageme que se imputarán á partida 4531.214.00.00 do presuposto do ano 2005 .

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a reparación do buque Bernardo Alfageme.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

3(1634).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN SISTEMA REMOTO DE ALMACENAMENTO DE REDE (SAN) PARA AMPLIACIÓN DO SISTEMA EXISTENTE NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2160/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación para a subministración, instalación e posta en funcionamento dun sistema remoto de almacenamento de rede (SAN) para ampliación do sistema existente no Concello de Vigo, asinado polo técnico de sistemas, Sr. Villanueva Guimeráns, polo xefe do Servizo de Informática e pola concelleira-delegada de Informática, o 30.09.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, do 07.11.05, asinado polo xefe de negociado de Contratación, e conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico do 14.11.05, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 09.11.05, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, pola delegada do Goberno da Área de Informática e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 57.000 euros para a subministración, instalación e posta en funcionamento dun sistema remoto de almacenamento de rede (SAN) que se imputará ás partidas 12176260000 (45.000 euros) e 43206260000 (12.000 euros) do presuposto vixente.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a subministración, instalación e posta en funcionamento dun sistema remoto de almacenamento de rede (SAN).

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

4(1635).-DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA O DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS DA CABALGATA DE REIS E PROCEDER Á CONTRATACIÓN MEDIANTE NOVO PROCEDIMENTO NEGOCIADO. EXPTE. 1638/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.11.05, conformado polo xefe de área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da área de Cultura e Animación Socio-cultural e Festas, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno celebrada o día 24-10-2005 aprobou a contratación por concurso da produción das carrozas e ornamentación do palco da cabalgata de Reis do ano 2006

A mesa de contratación celebrada o día 29-11-2005 propuso a Xunta de Goberno Local declarar deserto o concurso por no se ter presentado ofertas dentro do prazo outorgado e asimismo propoñer que se contrate o servizo por procedemento negociado.

Redactouse un novo prego de condicións administrativas que unicamente modifica o xa aprobado no referido a adapta-lo procedemento de contratación elixido.

O gasto que xenere o expediente propónse a súa imputación á partida 451.2.226.08.00 do vixente presuposto.

Por iso, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declarar deserto o concurso para o deseño e produccion das carrozas da cabalgata de Reis, por non se ter presentado ofertas dentro do prazo establecido”

2º.- Proceder a contratación por procedemento negociado.

3º Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a produción das carrozas e ornamentación do palco da cabalgata de Reis do ano 2006 no concello de Vigo por procedemnto negociado.

4º Solicitar ofertas polo menos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e tres minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA- SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez

